



Vista a proposta de adxudicación do lote 1 do contrato de servizos para a xestión de vixilancia e control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, formulada pola Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior o 3/06/2015, a favor de EULEN SEGURIDAD S.A. polo importe total de 205.821 euros/ano, fiscalízase favorablemente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2015

A viceinterventora

**Proposta de adjudicación da contratación administrativa de servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia.**

O 30 de decembro de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia iniciou o procedemento e aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 457.563,02 €, de acordo cos seguintes lotes:

- Lote 1: xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio, tanto das persoas coma de materiais do Parlamento de Galicia, por un orzamento de licitación anual de 171.757,69 € (sen IVE).
- Lote 2: xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro, do Parlamento de Galicia, por un orzamento de licitación anual de 57.059,82 € (sen IVE).

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 398, de 2 de xaneiro de 2015. Os anuncios de licitación foron publicados no Diario Oficial da Unión Europea nº S251, do 31 de decembro de 2014, e no Boletín Oficial do Estado nº 15, do 17 de xaneiro de 2015.

Rematado o prazo constatouse a presentación das seguintes proposicións:

**Lote 1:**

- Eulen Seguridad, S.A.
- RMD Seguridad, S.L.
- Servizos de seguridade integral A1, S.L.

**Lote 2:**

- Segurlem, S.L.
- Integraciones técnicas de seguridade, S.A.
- Sistemas de seguridade A1, S.L.
- Eulen Seguridad, S.A.
- Cybersegur, S.A.U.

A Mesa de contratación procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres "A", resultando que foron admitidas a participar na contratación todas as empresas licitadoras concorrentes.

En sesión pública se comunicou o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión das ofertas presentadas e procedeu á apertura dos sobres "B" das empresas concorrentes, que foron trasladados ao Servizo de Réxime Interior para a súa valoración.

En sesión pública a Mesa de contratación comunicou a puntuación obtida polas empresas segundo a avaliación dos criterios sometidos a xuízos de valor, que foi a seguinte:

**Lote 1:**

- Eulen Seguridad, S.A. .... 41 puntos.
- Seguridade A-1, S.L. .... 33 puntos.
- Grupo RMD Seguridad,S.L. .... 11 puntos.

**Lote 2:**

- Eulen Seguridad, S.A..... 47 puntos
- Segurlem S.L. .... 39 puntos.
- Integraciones Técnicas de Seguridad, S.A..... 37 puntos.
- Sistemas de Seguridade A-1, S.L. .... 34 puntos.
- Cybsegur, S.A.U..... 34 puntos.

Posteriormente, tamén en sesión pública, procedeu á apertura dos sobres C. As ofertas presentadas polas empresas licitadoras foron as seguintes.

**Lote 1:**

<b>Eulen Seguridad, S.A.</b>	
Prezo sen IVE	170.100,00 €
IVE	35.721,00 €
<b>Total</b>	<b>205.821,00 €</b>
Número de efectivos adicionais	2
Número de horas para tarefas extraordinarias	500

<b>Servizos de seguridade integral A1, S.L.</b>	
Prezo sen IVE	171.600,00 €
IVE	36.036,00 €
<b>Total</b>	<b>207.636,00 €</b>
Número de efectivos adicionais	4
Número de horas para tarefas extraordinarias	0

<b>Grupo RMD Seguridad, S.L.</b>	
Prezo sen IVE	169.998,00 €
IVE	35.699,58 €
<b>Total</b>	<b>205.697,58 €</b>
Número de efectivos adicionais	2
Número de horas para tarefas extraordinarias	300

**Lote 2:**

<b>Eulen Seguridad, S.A.</b>	
Prezo sen IVE	55.291,61 €
IVE	11.611,24 €
<b>Total</b>	<b>66.902,85 €</b>
Número de horas para tarefas extraordinarias	500

<b>Sistemas de Seguridade A-1, S.L.</b>	
Prezo sen IVE	48.498,00 €
IVE	10.184,58 €
Total	58.682,58 €
Número de horas para tarefas extraordinarias	0

<b>Cybsegur, S.A.U.</b>	
Prezo sen IVE	52.299,00 €
IVE	10.982,79 €
Total	63.281,79 €
Número de horas para tarefas extraordinarias	320

<b>Segurlem, S.L.</b>	
Prezo sen IVE	39.425,00 €
IVE	8.279,25 €
Total	47.704,25 €
Número de horas para tarefas extraordinarias	120

<b>Integraciones Tecnicas de Seguridad, S.A.</b>	
Prezo sen IVE	42.856,02 €
IVE	8.999,76 €
Total	51.855,78 €
Número de horas para tarefas extraordinarias	100

A Mesa de Contratación procedeu ao estudo da documentación incluída nos sobres C polas empresas concorrentes.

#### Lote 1:

A Mesa de contratación comprobou que, ao abeiro da cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas, non existían ofertas con baixas anormais ou desproporcionadas, polo tanto procedeu ao cálculo da puntuación obtida polas respectivas empresas en base aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, atribuíndo a seguinte puntuación.

EMPRESA	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas			Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	PUNTUACIÓN TOTAL
	Prezo	Efectivos	Horas		
Eulen Seguridad, S.A.	37,68	4,00	3,00	41,00	<b>85,68</b>
Servizos de seguridade integral A1, S.L.	3,58	8,00	0,00	33,00	<b>44,58</b>
Grupo RMD Seguridad, S.L.	40,00	4,00	1,80	11,00	<b>56,80</b>

Á vista das puntuacións obtidas a Mesa do Parlamento, logo da proposta de Mesa de Contratación, e previa fiscalización da Intervención Xeral da Cámara, acordou clasificar as empresas concorrentes ao lote 1 (xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio, tanto das persoas coma de materiais), na seguinte orde:

- 1º. Eulen Seguridad, S.A.
- 2º. RMD Seguridad, S.L.
- 3º. Servizos de seguridade integral A1, S.L.

Polo tanto, acordou requirirle a Eulen Seguridad, S.A., que presentara, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, a documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato. Dito Acordo foi notificado electrónicamente e recibido pola empresa o 19 de maio de 2015.

O 29 de maio Eulen Seguridad, S.A, presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 37505), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o seguro de caución nº 4.131.477 da Cía española de seguros y reaseguros de crédito y caución, S.A. por importe de 8.505,00 €, e o pagamento da parte proporcional do anuncio de licitación.

#### Lote 2:

A Mesa de contratación comprobou que, ao abeiro da cláusula décimo terceira, a oferta económica presentada por Segurlem, S.L. estaba incursa en baixa anormal ou desproporcionada polo que, antes de proceder ao cálculo e atribución da puntuación en base aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, acordou darlle audiencia para que xustificara a valoración da oferta e precisara as súas condicións.

Á vista do escrito xustificativo das condicións da súa oferta, o Servizo de Réxime Interior informou que a oferta de Segurlem, S.L. é suficiente para cubrir os gastos derivados da prestación do servizo sen menoscabo da súa calidade e do respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo, polo que se considera que pode cumprir as prestacións obxecto do contrato de acordo co establecido nos pregos.

En consecuencia, a Mesa de Contratación acordou dar por suficientemente xustificada a oferta presentada por Segurlem, S.L. e propoñer á Mesa do Parlamento a súa aceptación, e procedeu ao cálculo da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, atribuíndo a seguinte puntuación.

EMPRESA	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas		Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Puntuación Total
	Prezo	Horas		
Eulen Seguridad, S.A.	4,81	3,00	47,00	<b>54,81</b>
Sistemas de seguridade A1, S.L.	23,30	0,00	34,00	<b>57,30</b>
Integraciones técnicas de seguridade, S.A.	38,66	0,00	37,00	<b>75,66</b>
Segurlem, S.L.	48,00	0,00	39,00	<b>87,00</b>
Cybersegur, S.A.U.	12,96	1,92	34,00	<b>48,88</b>

Á vista das puntuacións obtidas a Mesa do Parlamento, logo da proposta de Mesa de Contratación, e previa fiscalización da Intervención Xeral da Cámara, acordou clasificar as empresas concorrentes ao lote 2 (xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro), na seguinte orde:



- 1º. Segurlem, S.L.
- 2º. Integraciones técnicas de seguridad, S.A.
- 3º. Sistemas de seguridade A1, S.L.
- 4º. Eulen Seguridad, S.A.
- 5º. Cybersegur, S.A.U.

Polo tanto, acordou requirirle a Segurlem, S.L., a presentación, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, da documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato. Dito Acordo foi notificado electronicamente e recibido pola empresa o 19 de maio de 2015.

O 22 de maio Segurlem, S.L. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 37377), incluíndo constitución de sendas garantías, definitiva e complementaria, mediante os avais bancarios nºs 350667 e 350668 de Abanca por importe de 1.971,25 € cada unha delas, e o pagamento da parte proporcional do anuncio de licitación.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o lote 1 (xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio, tanto das persoas coma de materiais) á empresa Eulen Seguridad, S.A., polos seguintes importes:

Prezo anual ..... 170.100,00 €.  
21 % IVE ..... 35.721,00 €.  
Total prezo anual..... 205.821,00 €.  
Número de efectivos adicionais ..... 2 efectivos.  
Número de horas para tarefas extraordinarias ..... 500 horas.

2º.- Adxudicar o lote 2 (xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro), á empresa Segurlem, S.L., polos importes:

Prezo anual ..... 39.425,00 €.  
21 % IVE ..... 8.279,25 €.  
Total prezo anual..... 47.704,25 €.  
Número de horas para tarefas extraordinarias ..... 120 horas.

Santiago de Compostela 3 de xuño de 2015.

  
Vº e prace  
José Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior



  
Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia